



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 08 DE FEBREIRO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: LIC/442/2019.

Licenza obra nova

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, a construción de vivienda unifamiliar na Rúa de Mallou, 8, en Santiago de Compostela, cun orzamento de execución material de 109.210,45 euros.

2. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: LIC/709/2020.

Cambio tellado e rehabilitación.

Acórdase conceder licenza para realizar, o cambio de tellado, forxado baixocuberta e planta segunda do edificio situado na Costa do Cruceiro do Gaio, 6 de Santiago de Compostela, cun orzamento de execución material de 41.709,18 euros.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/221/2020.

Licenza de obra de legalización apertura oco rúa Polonia,5-República Checa,10.

Apróbase conceder licenza de obras de reforma para apertura de oco entre dúas naves situadas na Rúa de Polonia, 5- RC e Rúa da República Checa, 10, que conta cun orzamento de execución material de 664,93 euros. As actuacións consistirán na apertura na planta baixa dun oco entre dúas naves para destinalo a exposición e venda de mobles, con zona de oficinas, almacén e aparcamento.

A actividade desenvólvese en planta soto destinada a aparcamento e almacén, cunha superficie útil de 423,05 m²; planta baixa destinada a uso comercial exposición e venda, almacén e aparcamento, cunha superficie útil de 816,38 m²; entrechán destinada a almacén de 74,79 m²; e planta primeira destinada a oficinas cunha superficie útil de 128,45 m². A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza E2 do Plan Parcial do SUNP-37 1º sector de Costa Vella.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/176/2020.

Licenza de obra de reforma para centro de ensinanza e ocio no lugar das Moas de Abaixo, 20 .

Acórdase licenza de OBRAS DE REFORMA para centro de ensinanza e centro de ocio infantil no LUGAR DE MOAS DE ABAIXO, 20, segundo proxecto básico e de execución, cun orzamento de execución material de 119.880,80 euros. As actuacións consistirán en OBRAS DE REFORMA de vivenda existente de dúas plantas e baixo cuberto para destinala a centro

de ensinanza e a centro de ocio infantil; cunha superficie construída de 735,37 m₂ (564,93 m₂ útiles); utilización de 2 construcións auxiliares existentes de 40,23 m₂ e 42,10 m₂ respectivamente para mantemento e garda de aperos; construcción dunha rampla exterior cuberta para accesibilidade, cunha ocupación en planta total de 334,74 m₂ e altura máxima de 6,75 metros. A edificación está situada en solo clasificado como solo rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 17, de especial protección forestal.

5. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00000165Y.

Licenza para o plan de despregue de REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL na cidade histórica de Santiago de Compostela (A Coruña) - FASE 7 –

Acórdase conceder a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto de infraestrutura de telecomunicacións para o despregue de Rede FTTH Orange/Jazztel na cidade histórica de Santiago de Compostela, o PLAN DE DESPREGUE DE REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) - FASE 7 -cun orzamento de execución material de 25.259,35 euros. O proxecto contempla o despregue da fibra óptica en:

- Quinteiro de Rúa da Moeda Vella, Praza de San Martiño e Fonte de SAN Miguel e Abril Ares.
- Quinteiro de Rúa da Moeda Vella, Abril Ares, Rúa da Troia e Campás de San Xoan.
- Quinteiro de Rúa da Moeda Vella, Campás de San Xoán, Rúa da Troia e Acibecharía.
- Quinteiro da Praza da Inmaculada, Praza da Quintana de vivos, Vía Sacra e Acibecharía.
- Quinteiro da Rúa da Acibecharía, Praza de Cervantes, Preguntoiro, San Paio de Antealtares e Vía Sacra.
- Quinteiro da Rúa Tda Troia, Praza de San Miguel, Rúa de Xerusalén e Acibecharía.
- Rúa de Xerusalén (impares) e Praza de Cervantes (num. 12-20)
- Quinteiro da Rúa Casas Reais, Praza de Cervantes, Rúa de San Bieito e Rúa das Ánimas.
- Quinteiro da Rúa Casas Reais, Rua das Ánimas, Rúa de San Bieito, Curro da Parra e Rúa Travesa.
- Quinteiro da Rúa Travesa, Rúa de San Bieito, Praza do Irmán Gómez, Rúa Oliveira e Sae se podes.
- Rúa das Casas Reais (num. 11-27) e Praza de Salvador Parga.
- Colexio Maior Santo Agostiño e Escola de Artes Mestre Mateo.

6. PLANEAMENTO. Referencia: XPL/6/2020.

Aprobación definitiva do cambio de sistema e dos Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación e inicio do proxecto de equidistribución da área de execución integral D (AEI-D) do PERI-2. Conxo

1. Apróbase definitivamente a MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE COOPERACIÓN, fixado no PERI-2 (Conxo de Arriba) para o desenvolvemento da Area de ejecución integral AEI-D, polo de COMPENSACIÓN.

2. Apróbanse definitivamente os ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA AEI-D DO PERI-2, sen modificacións respecto dos aprobados inicialmente o 6 de xullo de 2020.

3. Acórdase, en cumprimento do esixido polo artigo 267.3 do RLSC, publicar no Boletín Oficial da Provincia O INICIO DO PROCEDEMENTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA AEI-D DO PERI-2 (Conxo de Arriba), que determina a afección real da totalidade dos terreos incluídos no polígono ao cumprimento das obrigas inherentes á ejecución do planeamento e do sistema de compensación, con inscrición de tal afección no Rexistro da Propiedade. Para tal efecto, o promotor deberá achegar un plano de delimitación do ámbito da AEID sobre o parcelario catastral.

4. Acórdase REQUIRIR ás mercantís promotoras, en cumprimento do esixido polo artigo 268 do RLSG, que soliciten do Rexistro da Propiedade certificación de titularidade e cargas de todas as parcelas incluídas no ámbito da AEI-D, así como a práctica da anotación expresiva do inicio do procedemento de equidistribución, nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria.

Publicación e notificación: o acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, xunto co texto íntegro dos Estatutos e bases de actuación definitivamente aprobados e co plano de delimitación do ámbito, e notificarase persoalmente a todos os titulares dos terreos afectados. Na notificación aos propietarios indicarase que poderán solicitar a súa incorporación á Xunta de Compensación –se non a tiveran xa solicitado con anterioridade– no prazo máximo de TRES MESES, contado a partires do recibo da notificación.

7. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/7/2020.

Aprobación definitiva do cambio de sistema, dos estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación e inicio do proxecto de equidistribución da área de execución integral B (AEI-B) do PERI-2. Conxo.

1. Apróbase definitivamente a MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE COOPERACIÓN, fixado no PERI-2 (Conxo de Arriba) para o desenvolvemento da área de execución integral AEI-B, polo de COMPENSACIÓN.

2. Apróbase definitivamente os ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA AEI-B DO PERI-2, sen modificacións respecto dos aprobados inicialmente o 6 de xullo de 2020.

3. Acórdase, en cumprimento do esixido polo artigo 267.3 do RLSG publicar no Boletín Oficial da Provincia o INICIO DO PROCEDEMENTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA AEI-B DO PERI-2 (Conxo de Arriba), que determina a afección real da totalidade dos terreos incluídos no polígono ao cumprimento das obrigas inherentes á execución do planeamento e do sistema de compensación, con inscrición de tal afección no Rexistro da Propiedade. Para tal efecto, o promotor deberá achegar un plano de delimitación do ámbito da AEIB, sobre o parcelario catastral.

4. Acórdase REQUIRIR á promotora, en cumprimento do esixido polo artigo 268 do RLSG, que solicite do Rexistro da Propiedade a certificación de titularidade e cargas de todas as parcelas incluídas no ámbito da AEI-B, así como a práctica da anotación expresiva do inicio do procedemento de equidistribución, nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria.

Publicación e notificación: o acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, xunto co texto íntegro dos Estatutos e Bases de actuación definitivamente aprobados e co plano de delimitación do ámbito, e notificarase persoalmente a todos os titulares dos terreos afectados. Na notificación aos propietarios indicarase que poderán solicitar a súa incorporación á Xunta de Compensación –se non a tiveran xa solicitado con anterioridade– no prazo máximo de TRES MESES, contado a partires do recibo da notificación.

Transcorrido o prazo sinalado, se entenderá, segundo dispón o artigo 303.4.b) do RLSG, que os propietarios que non manifesten a súa vontade expresa de incorporarse á Xunta, renuncian a adherirse á mesma, podendo a Xunta de Compensación solicitar do Concello a expropiación dos terreos afectados ou a súa ocupación de conformidade co disposto polo artigo 307 do Regulamento. Rematado o prazo de 3 meses, a contar da notificación a todos os propietarios afectados, procederase á constitución da Xunta de Compensación en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, consonte ao regulado nos estatutos e demais normativa aplicable.

8. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00000761S.

Autorizar a transmisión dos dereitos de adxudicación na BA1 do SUNP-11.

Acórdase autorizar consonte o previsto na cláusula 10 do prego de bases do SUNP-11 a transmisión do derecho a adxudicación da parcela BA1 do SUNP-11 a Julio Rey y Otros S.L., subrogándose na posición xurídica do adxudicatario, nos mesmos termos e condicións establecidos no acordo de 30/03/11 do Consello de Administración de Emuvissa, e no

mesmo grado de incumprimento que o adxudicatario/cedente da parcela BA1 do SUNP-11 . As sucesivas actuación se entenderán exclusivamente co cessionario.

9. COMERCIO. Referencia: CORRECHEQUES20.

Informe-proposta relativa á aclaración de erro material en acordo da XGL do 31 de Xullo de 2020.- Resolución convocatoria cheques de consultoría programa Coidar para Mellorar, anualidade 2020.

Aclárarse e rectifícase o erro. Unha das persoas presentadas á convocatoria solicitou e lle foron concedidos todos os cheques de consultoría previsto. En consecuencia, onde aparece un espazo en branco, debe indicar “sí”.

10. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00004549X.

Autorización para exhibir e publicar documentos do Arquivo Municipal nunha mostra organizada para conmemorar o centenario do pasamento de dona Emilia Pardo Bazán.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a exhibición, publicación e difusión dos seguintes documentos da titularidade do Concello de Santiago de Compostela depositados no Arquivo Histórico Universitario:

- A.M. 295, fol. 107 r.: plano de remodelación da fachada do pazo do Marqués de Santa Cruz pertencente ao libro de actas do consistorio de 1803.
- A.M. 2026, exp. 33, fol 24 r-v.: expediente de asociacións: Casino católicomonárquico carlista (1870). Informe da Alcaldía en relación aos encarcerados polos disturbios producidos durante a inauguración do casino.

Segundo.- A autorización para exhibir, publicar e difundir os documentos referidos suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

- Os documentos únicamente se poderán destinar á súa exhibición na mostra organizada polo Ateneo de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela para conmemorar o centenario do falecemento de dona Emilia Pardo Bazán. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.
- préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.
- Arquivo Histórico Universitario responsabilizárase de entregar e recoller os bens, comunicándollo ao concello.
- As entidades organizadoras da exposición garantirán a súa adecuada conservación dos bens cedidos e responderán da súa custodia. Todos os aspectos loxísticos e de seguridade adecuaranse ao código deontolóxico do ICOM.
- Durante a exposición dos bens que se prestan farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela.
- Unha vez rematada a exposición os bens serán devoltos ao seu depósito no Arquivo Histórico Universitario no mesmo estado no que foron entregados. De aprezzarse algunha incidencia, de calquera natureza, nos bens devoltos, farase constar nun informe.
- Unicamente se autoriza a publicación dos documentos no catálogo da exposición organizada polo Ateneo de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela para conmemorar o centenario do falecemento de dona Emilia Pardo Bazán. Calquera outra publicación deberá ser previamente autorizada.
- Na obra na que se incluirán as imaxes indicárase que pertenecen ao Concello de Santiago de Compostela.

11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004423E.

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PA 298/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 025/2021

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía: 1.370,00 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A demandante impugna a resolución que viña de estimar parcialmente a reclamación, recoñecendo o dereito á indemnización pero nun 50 por 100, ao estimar unha concorrencia de responsabilidades; e excluíndo os gastos de reparación das gafas, ao non constar acreditado que aquelas rompesen a consecuencia da caída.

12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004520G.

Dación de conta de sentenza recaída no PO 131/2019 CA2

Dase conta da sentenza nº 012/2021

Demandante: Construcciones Otero Pombo S.A.

Obxecto: responsabilidade patrimonial por legalización de licenza Ponte Sarela.

Contía: 8.767.418,41 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Os antecedentes do caso son os seguintes:

1. A licenza para a rehabilitación e posterior destino cultural e hoteleiro da curtidoría situada en Ponte Sarela foi denunciada por un veciño, terminando coa declaración de nulidade daquela en certos elementos construtivos. A licenza foi legalizada a través de dous procedementos, dando lugar o segundo deles ao incidente de non execución da sentenza anulatoria, en 2017.

2. Tempo despois de declararse a nulidade, a demandante xa tiña reclamado responsabilidade patrimonial contra o Concello. Esta reclamación foi rexeitada en primeira instancia e polo TSX porque a actuación do Concello, ao conceder a licenza, moveuse dentro dos parámetros de racionalidade e razoabilidade mínimos esixidos; e porque mentres aquela sentenza non foxe executada (derruba), non existía dano a indemnizar.

Desta volta, a demandante reclamou en vía administrativa polos danos e prexúzos causados polo Concello na súa intención de legalizar a licenza, que lle impediron a aquela vender ou rematar o proxecto, producíndolle un estrangulamento financeiro que a levou á declaración de concurso de acredores. Na vía administrativa a reclamación non fora admitida á tramite polas excepcións formais de causa xulgada e prescripción da acción para reclamar.

Na Sentenza, o Xulgado rexeita tal proceder administrativo: a primeira, porque non coinciden obxecto e causa nas dúas reclamacións; e a segunda, porque a acción para reclamar xorde unha vez confirmada a non executividade da sentenza que implicaba a derruba do construído.

A pesares disto, o Xulgado entra a analizar os motivos de fondo sustentados pola Asesoría Xurídica.

Sobre estas, o Xulgado rexeita en primeiro lugar a alegación municipal de falta de antixuridicidade do suposto dano. Por unha banda, porque o primeiro proceso de legalización apenas “emendou” a licenza. Pola outra, porque non é esixible á demandante que impugne os acordos de legalización para logo poder reclamar por esta causa. É dicir, o xulgado non ten en conta o segundo proceso de legalización (determinante para a non prescripción da acción); e ademais contradí a súa propia doutrina sobre a impugnación dos actos administrativos para non ter o deber xurídico de soportar o prexuízo.

En segundo lugar, o Xulgado tampouco acepta o argumento municipal da “exceptio doli”, non obstante tratándose dunha actuación que ven causada por un proxecto “ilegal” presentado polo particular, pola falta de proba.

Por contra o Xulgado, en liña co exposto pola Asesoría Xurídica nos seus escritos de contestación e conclusións, fundamenta a desestimación da reclamación na falta de acreditación da relación de causalidade (entre os procedementos de legalización e os danos polos que se reclama) a da propria realidade e valoración de ditos danos.

Así, a sentenza vai un por un analizando cada un deles (perda de oportunidade procesual, perda do valor patrimonial da empresa e dano moral) para en síntese rexeitar todos eles ao

partir tanto a reclamación como o informe pericial de premisas (a venda do complexo en 2010, nunha situación de pleno rendemento) que son meras hipóteses, non avaliadas por estudo de mercado e descoñecendo, como feito non controvertido, unha situación de crise que tería afectado esa operación. Ademais, a sentenza cuestiona que a pericial descanse noutros informes que non se aportan, en contabilidade non acreditada da empresa, e mesmo que o perito non teña examinado os contratos bancarios sobre os que descansa o maior importe reclamado (os xuros deses contratos).

Tamén critica que a demandante reclama por uns gastos (técnicos e xurídicos para a legalización da licenza), cando certamente estes procesos foron iniciados, impulsados e rematados de oficio polo Concello, sen axuda da interesada.

Con respecto á causalidade, o xulgado, en liña co exposto polo Concello, considera que a maior parte dos danos mencionados verían causados, de ser certos, non polos expedientes de legalización senón propriamente pola paralización da obra a causa da declaración de nulidade; e neste suposto as reclamacións, como quedou dito, xa foron desestimadas vai anos.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004253J.

Dacion de conta de sentenza AP 15006/2020 TSX

Dase conta da sentenza nº 006/2021 e Auto aclaración 25.01.2021

Demandante: Xunta de Galicia

Obxecto: liquidación 2725119 IBI 2012 na rúa Cantaleta. Importe: 211.811,92 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A Xunta de Galicia viña de impugnar esta liquidación ao considerar que o derecho do Concello tiña prescrito, tendo en conta o vencimento do prazo de 4 anos entre o ejercicio liquidado e a notificación da liquidación; no convencemento de que a presentación da declaración de cambio de titularidade en Catastro -que a demandante tiña presentado fóra de prazo non tiña efectos interruptivos con respecto a prescripción da débeda tributaria, ao tratarse dita declaración dun acto de xestión do censo inmobiliario e carecer de relevancia tributaria.

O xulgado nº 2 desestimou a demanda, aceptando os argumentos municipais, ao considerar que non a declaración pero si a resolución conseguinte de Catastro si tiña efectos tributarios, interrompendo a prescripción.

Cómpre sinalar que nun caso idéntico e simultáneo, pero de menor contía e sen acceso a apelación, o xulgado nº 1 si estimou a demanda, anulando a liquidación. A Xunta empregou esta sentenza no recurso de apelación.

Finalmente, o TSX desestima a apelación na liña xa apuntada: tanto a declaración como a posterior resolución de Catastro son actos previos e determinantes da relación tributaria, polo que si lle afectan, entre outros ao que á prescripción se refire.

14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00004420L.

Dacion de conta de sentenza PO 315/2020

Dase conta da sentenza nº 022/2021

Demandante: Alameda de Ordenes S.L.

Obxecto: sanción de 6.911,77 euros por falta de presentación de declaración e pago do IIVTNU.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza é importante porque constitúe un xiro xudicial á doutrina que os xulgados viñan aplicando nos expedientes sancionadores tributarios, nos que a mera falta de presentación de declaración e pago deste imposto non constituía proba administrativa suficiente para acreditar a "vontade" de non pagar, tendo en conta as dúbidas xurídicas existentes sobre a permanencia deste imposto; polo que non acreditada a "culpabilidade", a sanción era anulada.

Desta volta, o xulgado considera acreditada a culpa con base nos argumentos expostos polo Concello:

1. Na propia escritura é o notario quen advirte da suxección do negocio ao IIVTNU.
2. En caso de dúvida, o suxeito pasivo pode presentar a declaración, e agardar a que sexa o Concello quen lle comunique a liquidación ou non procedencia do imposto.

Non obstante, o xulgado si estima a alegación subsidiaria de redución da contía, de forma que a multa pasa a ser de 3.456,00 euros.

15. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00004582C.

Tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.
Tómase coñecemento.

URXENCIAS

16. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/18/2019.

AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN das obras de acondicionamento do entorno do Centro Sociocultural de A Gracia, mellora de accesibilidade no propio centro e creación dunha área de xogos e circuito biosaludable nas inmediacións deste POS+2018

Acórdase ampliar o prazo de execución das obras de acondicionamento do entorno do Centro Sociocultural de A Gracia, mellora de accesibilidade no propio centro e creación dunha área de xogos e circuito biosaludable nas inmediacións deste POS+2018, con causa nas condicións meteorolóxicas adversas que impiden o correcto desenvolvemento dos traballos definidos no proxecto, por un período de 33 días hábiles, polo que a nova data de finalización será o 18 de marzo de 2021.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/24/2020.

Acórdase ampliar o prazo para a execución das obras de rehabilitación enerxética de inmobles de titularidade municipal, por un período de 21 días hábiles sobre os 3 meses aprobados no plan de obra, con causa nas condicións meteorolóxicas adversas e en distintas incidencias que afectaron ao normal desenvolvemento dos traballos, polo que a nova data de finalización será o 17 de marzo de 2021.

18. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU03.

SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE SUBVENCIÓN S A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA O MANTENIMENTO DE CONSERVATORIOS, ESCOLAS DE MÚSICA E ESCOLAS DE DANZA MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2021. PROGRAMA FO207/2021.

Acórdase solicitar unha subvención de 10.000,00 euros á Deputación da Coruña para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela.

19. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU04.

INFORME PROPOSTA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PARA DAR CONTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS “PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS: ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 2020” FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS DURANTE O ANO 2020.

Dáse conta conta da resolución complementaria de asignación de transferencias finalistas correntes do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, relativo ao financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, durante o exercicio 2020, por un importe de **101.314,40 euros**, desglosados do seguinte xeito:

- Programa de Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños: 53.637,04 euros.
- Escola Infantil Municipal de Fontiñas 23.838,68 euros.
- Escola Infantil Municipal de Conxo 23.838,68 euros.

O importe total asignado desglósase do seguinte xeito:.

- Mantemento Escolas Infantís: 78.200,00 euros.
- Compensación económica pola gratuidade 2º fillo e sucesivos: 23.114,40 euros.